

Sendo as 9 horas do 23 de decembro de 2020 reúnese o tribunal da creación dunha bolsa de emprego de limpadores/as do Concello de Tomiño, para atender ao incremento das desinfeccións necesarias en instalacións de uso educativo, con motivo de analizar a reclamación presentada pola candidata deste procedemento selectivo Dona Elena Martínez Sanjuan, na que solicita a anulación de tres preguntas do exame celebrado o 16 de decembro de 2020 no Auditorio de Goián.

Así con respecto á pregunta 4, di que non hai un temario oficial ante o que contrastar as respostas, é que como mínimo hai dúas válidas, segundo a información da OMS e do ISSGA.

Como establece o texto das propias bases de selección deste proceso no seu punto 1 a) "É obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa de emprego de limpadores/as do Concello de Tomiño, para atender o incremento das desinfeccións necesarias en instalacións de uso educativo, por mor de cumprir os protocolos de desinfección aprobados pola Xunta de Galicia para os devanditos centros, por mor da crise da COVID19 durante o curso escolar 2020/2021." Así, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, establece a normativa que ten que seguir todo o persoal que presta servizo nestes centros durante o curso 2020/2021 que é o "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021", que está colgado na páxina web da devandita Consellería. Sendo este texto, o que indica que a temperatura corporal que é compatible cos síntomas da Covid-19 e polo tanto esixe non ir ao posto de traballo ten que ser superior a 37,5 graos centígrados.

Con respecto á pregunta número 14, a reclamante presupón que no horario en que van traballar nos centros educativos, os equipos informáticos van a estar sempre acesos. Independentemente diso, que pode ser certo ou non (porque pode haber horas en que os equipos estean apagados, se non se están a usar ou os das persoas que polo motivo que sexa non acoden ao seu posto de traballo), para previr posibles riscos de descargas eléctricas é convinte que todo o persoal de limpeza saiba, que todos os manuais de

prevencións de riscos e protocolos de limpeza indican que é un risco limpar calquera aparato electrónico estando aceso.

Con respecto á pregunta 16, indica que hai que anulala se non hai onde quentar o vinagre no colexio. Se hai auga quente no colexio, podería quentar o vinagre dun envase dentro doutro con auga ben quente. Ademais a reclamante está a presupor que nos colexios onde vai traballar non hai onde quentar vinagre, sen ter en conta que temos colexios con servizo de comedor e cociña.

Polo anteriormente exposto, este tribunal considera que non ha lugar a estas reclamacións.

E polo tanto, establece como definitivas as valoracións provisionais do exame do día 16 de decembro de 2020.

Aclara tamén que a data do exame de galego que se publicou na última acta é incorrecta, o que xa se comunicou con antelación suficiente por teléfono ás persoas convocadas. Así celebrárase o día 23 de decembro de 2020 ás 9:30 horas.

O QUE SE FAI PÚBLICO PARA XERAL COÑECEMENTO

A PRESIDENTA

O TRIBUNAL

A SECRETARIA

